

ACTA DE APERTURA DO SOBRE “B” DAS OFERTAS PRESENTADAS NA CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO ORDINARIO, DAS OBRAS DENOMINADAS “MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024 NO CONCELLO DO IRIXO”, con cargo á Subvención concedida por medio da RESOLUCIÓN do 28 de febreiro de 2023 para a concesión das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva.

Reunidos no Salón de Actos da Casa Consistorial, o día 3 de setembro ás 12 horas, constitúese a Mesa de Contratación para a adxudicación do seguinte contrato:

Tipo de contrato:	Obras
Subtipo do contrato:	Ordinario
Obxecto do contrato:	Mellora de camiños rurais
Procedemento de contratación:	Aberto
Tipo de Tramitación:	Ordinaria
Valor estimado do contrato:	66.911,95
Orzamento base de licitación IVE excluído:	55.219,13
IVE %:	11.612,82
Orzamento base de licitación IVE incluído:	66.911,95
Data de inicio do contrato:	1 mes desde a acta de replanteo
Data de fin do contrato/Duración do contrato	3 meses

A composición da mesa é a seguinte:

Presidente: D. Iago Fariñas Valiña, Tenente Alcalde do Concello de O Irixo.

Vogais: D. Pío Pérez Nogueira, Administrativo do Concello do Irixo, D. Abraham Castro Neira, Técnico de Urbanismo do Concello do Irixo e D<sup>a</sup> Gloria Bernárdez Beltrán, Axente de Emprego e Desenvolvemento local do Concello do Irixo.

Secretaria: D<sup>a</sup>. María del Carmen Limia Fernández, Secretaria-Interventora do Concello do Irixo.

Todo elo aos efectos de proceder á apertura dos sobres “B”, proposición económica e documentación cuantificable de forma automática, das ofertas presentadas como consecuencia da publicación do correspondente anuncio deste Concello do Irixo no seu Perfil do Contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Estado, correspondente ao proxecto de “MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024 NO CONCELLO DO IRIXO”.



A presente licitación presentáronse en tempo e forma as seguintes proposicións:

<b>NOME</b>	<b>N.º DE REXISTRO</b>	<b>DATA</b>
CONSERNOR, S.L.	2023-E-RC-947	08/08/2023
COVIASSTEC, S.L.	2023-E-RC-993	21/08/2023
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	2023-E-RC-994	21/08/2023
DESMACO, S.L.	2023-E-RC-1000	21/08/2023
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS S.L.U.	2023-E-RC-1001	21/08/2023

Faise constar que ao acto de apertura non asiste ningún representante das mesmas.

Recibido o informe da avaliación sobre os criterios cuantificables mediante xuízos de valor a puntuación queda do seguinte xeito:

<b>LICITADOR</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
<b>COVIASSTEC SL</b>	<b>40</b>
<b>TABOADA Y RAMOS SL</b>	<b>35</b>
<b>OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL</b>	<b>25</b>
<b>CONSERNOR SL</b>	<b>15</b>
<b>DESMACO SL</b>	<b>0</b>

Seguidamente por parte da Mesa de Contratación procédese a examinar as ofertas económicas e proposicións das empresas admitidas nas que se inclúan os criterios de adxudicación previstos na Cláusula 9ª. do Prego de Condicións, para a súa valoración.

O Presidente acorda proceder a examinar formalmente a documentación presentada, dando fé a Secretaria da relación de documentos que figuran.

A Mesa de Contratación declara admitidas as seguintes proposicións:

	<b>LICITADOR</b>	<b>OFERTA ECONÓMICA</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
1	CONSERNOR, S.L.	62.134,43	50,81



2	COVIASSTEC, S.L.	66.850,08	50,43
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	65.814,58	50,51
4	DESMACO, S.L.	63.977,05	50,66
5	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS S.L.U.	59.799,20	51,00

Procedese á puntuación das ofertas presentadas polas empresas admitidas, que queda da seguinte maneira:

	LICITADOR	MEMORIA DESCRIPTIVA	OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSERNOR, S.L.	15	50,81	65,81
2	COVIASSTEC, S.L.	40	50,43	90,43
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	25	50,51	75,51
4	DESMACO, S.L.	0	50,66	50,66
5	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS S.L.U.	35	51	86,00

### PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Como consecuencia do anterior, a Mesa de Contratación en aplicación do disposto na Cláusula 14ª do Prego de Condicións, resolveu propoñer a adxudicación a favor de Coviastec, S.L., con CIF: B32240210 e domicilio social en Ctra. A Rañoa, s/n, 32570, Maside, polo importe de 66.850,08€, dos cales 55.248,00€ corresponden á base e 11.602,08€ ao IVE, por ser a que acadou a maior puntuación cumprindo o disposto no Prego de Condicións, debéndoselle notificar para que presente no prazo dos 5 días hábiles contados a partires desa data a



documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E non sendo outro o obxecto da presente, levántase o acto, sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do seu día, do que eu, como Secretaria da Mesa de Contratación, Certifico, asinando a presente conxuntamente cos membros integrantes da mesma no lugar e data arriba indicados.

O Presidente dá por rematada a reunión ás 12,30 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, o Secretario, redacto Acta que someto á firma do Presidente e Vocais; dou fe.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

